

Funeral Dona Paula Alvarellos

Queridos irmáns,

ofrecemos hoxe na nosa Catedral Basílica a Santa Misa polo eterno descanso de Paula Alvarellos, como un xesto de afecto verdadeiro, nacido na relación propiciada pola súa responsabilidade como alcaldesa da cidade de Lugo.

Expresamos así do modo mellor que coñecemos o interese polo ben da súa persoa, o seu ben definitivo. Móvenos a esperanza que nos dá Xesús o noso Señor, que morreu na cruz para liberarnos do noso pecado; é dicir, da ausencia de calor e de amor que aniña no noso corazón, que tantas veces insensibiliza a mente e péchaa ao ben do próximo, que declara insignificantes as cousas e as persoas, que murcha a vida e, en fin, pretende mesmo que nos acomodemos á morte.

Pero o Señor amounos ata o extremo nesta terra, para recuperar as nosas persoas e abrírnos sempre de novo o camiño da vida.

Este amor seu é o noso consolo e a nosa esperanza, o de quen chorou ante a tumba do seu amigo Lázaro, pero puido dicir "eu son a resurrección e a vida"; mentres engadía, con toda a alegría que podía caber na súa alma: cre en min, que "non morrerás para sempre". Esta é a expresión propia do amor verdadeiro, que Cristo fixo realidade con corazón humano e divino: ti non podes morrer, eu dareino todo para que ti vivas.

Esta é a nosa fe en Xesús o Señor, en Deus Pai, orixe de toda vida e amor, a quen encomendamos hoxe a Paula. O noso destino non é a morte, e non queremos, nin tampouco debemos xa, aceptala como o final e a verdade da vida para os nosos seres queridos, para cada ser humano.

Por iso, pedimos hoxe para ela o maior dos bens: que no abrazo da misericordia divina atope a vida en toda a súa plenitude, libre de males e ataduras da alma e do corpo, de enganos e sufrimentos; que o amor do Señor a conduza á verdade plena e a encha de gloria. Por esta intención rezamos hoxe, con este desexo unímonos ao do Señor Xesús, que morreu por nós e pola nosa salvación, por ela persoalmente. Isto facemos ao celebrar xuntos a Eucaristía polo seu eterno descanso.

E queremos tamén dar grazas a Deus por Paula, polos dons con que a enriqueceu. Non podemos esquecer, en particular, a súa entrega cordial ao servizo da cidade de Lugo como alcaldesa.

Sabemos que en ningún labor hai mérito ou valor se non é reflexo da persoa, da súa conciencia e a súa liberdade. E que só así unha responsabilidade, por significativa e estimable que sexa, pode colmar a vida, sen que o impidan entón desgustos e sacrificios.

Tamén a política, ocupación de seu chea de nobreza e dignidade, está chamada a ser expresión da persoa, da súa intelixencia e do seu corazón, da súa entrega; e, en realidade, a chegar a ser unha forma elevada e madura da caridade verdadeira.

Para a sociedade é imprescindible o labor do político, o servizo leal prestado nas diversas institucións. Pois nin sequera o marco das esixencias e os límites que impoñen os partidos e os seus programas pode facer desaparecer á persoa e a súa liberdade. Ao contrario, todos esperamos a presenza, necesitamos a responsabilidade vivida. De feito, agradecemos a entrega, o amor que dá razón da dedicación e os traballos, e que, cando é verdadeiro, nunca deixa de ter un eco nos cidadáns.

Esta foi tamén a vocación persoal de Paula. O Deus da Paz saberá ter en conta e non deixará perder nada do que na súa vida foi "verdadeiro, nobre, xusto, puro amable, loable, todo o que é virtude ou mérito" (Flp 4,8). Nós encomendámola agora con afecto ao Señor da Vida, cheos de esperanza no seu destino bo, certos de que en Cristo a morte foi vencida.

Pedímoslle, en particular, á Virxe María que acompañe e ampare a Paula, nai tamén, que volva a ela os seus grandes ollos misericordiosos e lle mostre "a Xesús, froito bendito do seu ventre". Para que poida gozar daquela luz que ningunha escuridade pode vencer; e alcance a vida e o amor na súa forma plena e definitiva, á que estaba destinada desde sempre polo Señor, como, confiamos, igualmente todos nós.

+ Alfonso,
Bispo de Lugo